

Mercedes Sprinter 516 CDI.

10. *Empresa Lázara, S.A.*: 17.422 €.

MAN 18440 DCI Irizar PB.

11. *Autocares Eliseo Pita, S.A.*: 9.089,99 €.

Volvo B12B 4X2 Euro 5.

12. *Transvías del Ferrol, S.A.*: 69.688 €.

Mercedes Benz O 530 Citaro K.

Mercedes Benz O 530 Citaro K.

Mercedes Benz O 530 Citaro K.

Mercedes Benz O 530 Citaro K.

13. *Automóviles Sigrás Carral, S.A.*: 16.831,60 €.

Iveco Eurorider C33 ASRI E-5.

14. *Autos Cal Pita, S.A.*: 48.938,89 €.

Volvo B7R Castrosua Magnus.

Volvo B7R Castrosua Magnus.

Volvo B7R Castrosua Magnus.

Mercedes Sprinter 515 CDI.

Iveco Eurorider C33 ASRI E-5.

15. *Anpian, S.A.*: 17.422 €.

Mercedes Benz Sprinter 515 CDI.

16. *Empresa Raúl, S.A.*: 17.422 €.

BMC Probus 850 TBX.

17. *Autocares Vilabus, S.L.*: 17.422 €.

Iveco C50C180 UNVI.

18. *Viledobus, S.L.*: 17.422 €.

Mercedes Sprinter 515CDI.

Importe total: 492.988,48 €.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 13 de xaneiro de 2010 pola que se ditan normas que determinan os servizos mínimos do persoal docente dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, durante a folga convocada para o día 21 de xaneiro de 2010.*

O exercicio do dereito de folga queda condicionado ao mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG do 20 de xuño), entre os que se atopa a educación.

O artigo 3 do devandito decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e ante cada situación de folga, determinen o mínimo de actividade necesaria para asegurar o mantemento de tales servizos, e o persoal preciso para prestalos.

As organizacións sindicais CIG-Ensino e STEG comunicaron a convocatoria dunha folga para o per-

soal docente non universitario dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que se desenvolverá entre as 00.00 horas do día 21 de xaneiro de 2010 e as 24.00 horas da mesma data.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga a Administración autonómica, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que se concretan e xustifican nesta orde.

O servizo esencial da educación non pode ser reducido exclusivamente á actividade docente, xa que, xunto a esta actividade docente, realízanse outras funcións como son a vixilancia e coidado dos nenos e nenas, menores de idade, que acoden aos centros docentes públicos. Con carácter xeral, o artigo 39 da Constitución depara unha protección especial aos menores; dun xeito máis específico, o artigo 15 do Real decreto 732/1995 (do 5 de maio, publicado no BOE do 2 de xuño), polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros, dispón no seu artigo 15 que todos os alumnos teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade. Polo tanto, a custodia dos menores de idade que se atopen nun centro docente público, o cumprimento dos principios constitucionais mencionados e dos dereitos citados é responsabilidade ineludible desta Administración educativa e parte indivisible do dereito esencial á educación.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores, dada a súa entidade, debe exercerse continuamente. Como servizo mínimo para garantilos establécese a necesaria presenza nos centros docentes do/a director/a, ou, de ser o caso, doutro membro do equipo directivo que o/a substitúa, xa que tales membros do equipo directivo teñen a representación do centro e garanten o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes, como sinalan as alíneas a) e d) do artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio (de educación, publicada no BOE do 4 de maio), e polo tanto están capacitados e facultados para resolver calquera incidencia respecto da seguridade dos menores de idade. Así mesmo, consonte a normativa citada, o director tamén está facultado e capacitado para resolver calquera incidencia que se poida producir respecto do conxunto dos bens que integran un centro docente.

De acordo coa normativa citada e cos argumentos expostos, e de conformidade co comité de folga,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º

Terán a consideración de servizos mínimos para o persoal docente dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o/a director/a ou membro do equipo directivo en cada centro docente non universitario.

**Artigo 2º**

A designación nominal do persoal que deberá cubrir os distintos servizos relacionados no artigo anterior será feita pola dirección do centro respectivo, e procederase á súa publicación no taboleiro de anuncios dos centros afectados.

**Artigo 3º**

O incumprimento da obriga de atender os servizos mínimos fixados nesta orde será sancionado de conformidade coa normativa vixente.

**Artigo 4º**

O disposto nesta orde non suporá ningunha limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga reconece ao persoal na dita situación.

**Artigo 5º**

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observar as normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos docentes.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

**CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO**

*Orde do 21 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a creación de banda deseñada galega durante o ano 2010 e se procede á súa convocatoria.*

Debido á crecente importancia da banda deseñada no panorama cultural galego, e dada a inexistencia dun tecido editorial o suficientemente grande para soste os custos de produción das historias narradas dentro deste medio de expresión, xorde a necesidade de dar un apoio aos autores para fomentar a creación de obras extensas de cómic galego en calquera xénero, permitíndolles aos autores galegos abordar proxectos creativos ambiciosos que na actualidade o mercado non consegue promover. En último termo, preténdese favorecer con estas axudas a edición de historias longas de banda deseñada en galego.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2º que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, a que se axusta esta disposición.

Na súa virtude, no exercizo das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modifica da parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

**DISPOÑO:**

Primeiro.-*Finalidade e obxecto.*

1. Convócanse axudas para a creación de proxectos de banda deseñada galega. Os beneficiarios destas axudas deberán executar o proxecto no prazo de doce meses desde a data da comunicación da concesión da axuda.

2. As actividades obxecto de axuda serán as seguintes:

-Elaboración do guión do proxecto, gastos de ilustración e gastos de edición.

3. O procedemento para a concesión das axudas recollidas nesta orde será tramitado en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Co fin de cumprir co principio de concorrencia sinalado, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación, que se axustará aos preceptos contidos no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega.

E, supletoriamente:

a) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de carácter básico, que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

b) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

c) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.-*Imputación orzamentaria e contía.*

A concesión das axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.432A.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2010 tendo en conta que, en todo caso, o gasto proxectado se suxeitará á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución. O importe total do crédito